

---

**TALLER  
OS SENTIDOS  
“QUE SERÁ? DESCÚBREO COS TEUS SENTIDOS!”**

**Obxectivo:** descubrir e investigar sobre o propio corpo, os sentidos e o entorno próximo.

**Temporalización:** cinco días.

**Materiais:** obxectos ou xoguetes que teñamos pola casa, alimentos (por exemplo froitas ou froitos secos), un pano para tapar os ollos, unha caixa de zapatos vella decorada ao noso gusto, un reprodutor de sons (ordenador, tablet ou teléfono).

○ **Día 1. Vexo vexo.**

Seredes capaces de adiviñar de que obxecto se trata? Xogamos ao “Vexo vexo” dando pistas sobre as propiedades dos obxectos (cor, forma, tamaño, textura...)

○ **Día 2. Unha merenda moi divertida!**

Cos ollos tapados cun pano temos que descubrir a través do gusto de que alimento se trata. Podemos facelo por exemplo con froitas. Concéntrate ben!!



○ **Día 3. A caixa misteriosa.**

Cunha caixa de zapatos podemos crear a nosa “Caixa misteriosa”. Para iso solo temos que abri-lle un buratiño polo que poidamos meter a man e decorala ao noso gusto (facendo colax con recortes, forrándoa con debuxos, pintándoa con témpera, estampando con rotuladores... como máis vos guste!).



Cando teñamos a caixa creada metemos dentro obxectos diversos (pinza de roupa, tapón, coche de xoguete...) e a través do tacto terán que adiviñar de que se trata sentindo o seu tamaño, a súa textura e a súa forma.

Despois poden ser eles os que poñan os obxectos e vos os adiviñedes... quen terá mais acertos??

○ **Día 4. A que ule?**

Cos ollos tapados cun pano debemos adiviñar empregando o olfacto de que se trata. Podemos empregar alimentos de fácil identificación como limón, laranxa e queixo forte. E tamén perfumes da familia, adiviñaremos de quen é cada un? Ou será moi complicado?

○ **Día 5. Orelas atentas!**

Cos ollos tapados debemos identificar sons que podemos crear con elementos cotiás (pechamos unha porta), co propio corpo (damos palmadas), con onomatopeias (imitando sons de animais), ou buscando sons en internet (coches, animais).

---

**TALLER**  
**LÓXICO-MATEMÁTICA**  
**“CREAMOS SERPES DE DIFERENTES CORES E TAMAÑOS”**

**Obxectivo:** afondar nas propiedades dos obxectos (cor e tamaño). Crear series sinxelas atendendo a un ou a dous atributos.

**Temporalización:** 3 días.

**Materiais:** tapóns, cartóns, tesoiras, rotulador.

**Recomendación:** partir do que xa saben e ir pouco a pouco. Se solo son capaces de separar por cores e tamaños non pasa nada. Pouco a pouco imos axudándolles a crear series dunha mesma cor, despois de dúas cores... ao mellor aínda non están preparados para atender a dous atributos. Pouco a pouco! Non temos presa!!



**Día 1.** Deixar que xoguen libremente cos tapóns, que os apilen, que constrúan... Despois pedímoslles que os clasifiquen por tamaño (grande, mediano e pequeno). Seremos capaces de separalos por cores? Cantas cores temos?



**Día 2.** Nun cartón debuxamos un “camiño” para poder crear serpes. Podemos facer o camiño en liña recta ou curva. Cando temos o material creamos series atendendo a un atributo. Primeiro todos da mesma cor e despois intercalando. Serán capaces de facelo con tres cores? Ou complícase un pouco o asunto?



**Día 3.** Imos facer series atendendo a dous atributos (cor e tamaño).



---

TALLER  
CIENCIA  
“EXPERIMENTAMOS CON EMANEMS”



**Obxectivo:** clasificar por cores. Crear series sinxelas atendendo a un atributo (cor). Identificar formas xeométricas circulares no entorno. Iniciarse no pensamento científico creando hipóteses e extraendo conclusións.

**Temporalización:** 1 día.

**Materiais:** emanems, un prato e auga.

**Desenvolvemento:**

- Botamos emanems nun prato e xogamos con eles: clasificámoslos por cores e facemos series sinxelas atendendo ás cores (como fixemos cos tapóns no taller de lóxico matemática). Non os comas todos, que te vexo!! Deixa algún para o experimento!
- Seremos capaces agora de formar un círculo?? Vexo que si, moi been!!
- Ocorreseche algún obxecto que teña forma de círculo? Pensa ben que algún ten que haber... douche algunha pista? Ou non che fai falta?
- Agora ímoslle engadir un pouquiño de auga no centro do círculo (sen que cubra todos os emanems). Que pensades que pasará?



- Que pasou? Que ves?



- Cantas cores eh! Que cores podes ver?



- A que che recorda?  
\*Ao mellor recórdalles a un arco iris, a un garabato, a unha aurora boreal... deixamos que digan eles!
  - Que lles pasou aos emanems? Seguen tendo cores? Ou van perdendo as cores? Por que será?
-